

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN ESO

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso.

Con que temporalización se farán probas escritas?

Como mínimo unha por trimestre na que se inclúan as tres destrezas (Comprensión Oral, Expresión Escrita e Comprensión Escrita) ou unha de cada destreza por separado. Tamén se valorarán a gramática e o vocabulario.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

Informarase aos alumnos en cada momento do valor que teñan as distintas tarefas dentro da avaliación de cada trimestre.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

A porcentaxe adicada a cada unha das partes será: Gramática e vocabulario 30%, Comprensión Escrita 15%, Comprensión Oral 15%, e a Expresión Escrita 15%. Doutra banda, a Expresión Oral 15%. Así mesmo, un 10% será por traer o material, cumprir as normas de convivencia, usar a lingua inglesa na aula, realizar e entregar as tarefas en prazo e forma, mesmo por facer e entregar o proxecto cumprindo cos requisitos expresados na táboa de corrección. No 2º Trimestre (se houbera mais dun exame de Comprensión Escrita, esta destreza avaliarase non só mediante unha proba de comprensión escrita que teña que ver cos contidos, e o vocabulario a estudar, senón que se avaliará igualmente a lectura prevista para o 2º Trimestre dun libro de lectura adaptado, seleccionado polo profesorado correspondente.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Participar e traballar de forma activa/ voluntaria nas actividades propostas na aula, usar a lingua inglesa na aula, realizar e/ou entregar as tarefas en prazo e forma, traer o material que se precisa para o desenrolo da clase, así como cumprir as normas de convivencia na aula.

Como se recupera unha proba non superada?

Non haberá recuperacións (excepto na última avaliación) debido ao carácter acumulativo da materia (Avaliación continua). Por tanto, as probas non superadas consideraranse recuperadas, sempre que a nota media do total de probas da avaliación sexa igual ou superior a 5.

Como se recupera unha avaliación non superada:

Non haberá recuperacións de avaliacións. Pero se a media ponderada das 3 avaliacións non é igual ou superior a 5, o alumno/a deberá presentarse á proba da Avaliación Final.

ANEXO MODIFICACIÓNS:

3ª AVALIACIÓN: Inclúiranse polo menos un exercicio de cada unha das catro destrezas, así como de gramática e vocabulario. Avaliaranse a lo menos un estándar de cada un dos cinco bloques de contidos. A porcentaxe adicada a cada unha das partes será: Gramática e vocabulario 30%, Comprensión Escrita 15%, Comprensión Oral 15%, e a Expresión Escrita 15%. Doutra banda, a Expresión Oral 15%. Así mesmo, un 10% será por traer o material, cumprir as normas de convivencia, usar a lingua inglesa na aula, realizar e entregar as tarefas en prazo e forma, mesmo por facer e entregar o proxecto cumprindo cos requisitos expresados na táboa de corrección. Para redondear, aquel/ aquela que teña 0,5 ou máis, e que fora evolucionando favorablemente e cunha actitude positiva de cara á materia, verá a súa nota redondeada ao dígito superior (por exemplo, de un 5,5 a un 6). Se a súa actitude e evolución fora negativa, calquera decimal veráse redondeado ao dígito inferior (por exemplo, de un 5,8 a un 5).

Ca entrada en vigor da LOMLOE **NON HABERÁ AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NA ESO**, aínda que **SI HABERÁ** unha **AVALIACIÓN ORDINARIA** a realizar no período abranguido entre o 6 e o 22 de xuño. Este período adicarase a facer actividades de apoio, reforzo, ampliación e titoría.

Doutra banda, a todo o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na Avaliación Ordinaria ao final de curso.

A cualificación final neste caso será a media ponderada que resulte de sumar as notas correspondentes cas seguintes porcentaxes (1º Trimestre 20%, 2º Trimestre 30% e 3º Trimestre 50%).